



## Concello de Mugardos

### Procedimiento

#### Código SIA

**Expediente** 870/2022. Modificación parcial Regualmento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal

**Trámite** Informe. Informe xurídico

Ana María Gómez Peña e Paula E. Ramos Díaz, funcionarias de Administración Local con habilitación de carácter nacional, interventora e secretaria do concello de Mugardos, en cumprimento do establecido no artigo 3 e 4 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, de réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, por medio da presente emitimos o seguinte

### INFORME

#### Antecedentes de feito

- Con data 2 de setembro de 2022 en sesión extraordinaria urxente, o Pleno prestaba aprobación ao inicio do expediente de modificación do Regulamento de réxime interior EIM As Lagoas mediante a apertura dunha fase de participación e audiencia públicas.
- Con data 5 de setembro de 2022 lévanse a cabo as seguintes publicacións:
  - a) BOP de A Coruña nº 168 anuncio comprensivo do establecemento e aplicación do réxime de bonificación previsto na DA9ª da Lei 13/2008, de 3 decembro de Servizos Sociais de Galicia, dando inicio de xeito simultáneo ao procedemento de modificación da Ordenanza Fiscal nº 13 e do Regulamento de Réxime Interior (RRI) do indicado servizo para os efectos de dar cabida ao novo réxime de bonificacións (bonificación para o primeiro fillo/a e seguintes da unidade familiar) e a unificación do cadro de franxas IPREM para o cálculo da cota tributaria ao mercado pola administración autonómica..
  - b) Portal de Transparencia do concello, sección Normativa, Proxectos en tramitación, Normativa en fase de participación e audiencia pública:  
Anuncio comprensivo da finalidade do trámite e documentación que se comparte públicamente.  
Certificado do acordo adoptado polo Pleno  
Proposta de texto refundido coas modificacións introducidas no Regulamento e na OF nº 13 asinado pola concelleira delegada de área de Benestar Social e Igualdade de 30.08.22.  
Informes emitidos pola psicóloga municipal con datas 27.04.2022 e 30.08.22.  
Informe conxunto de intervención e secretaría de 31.08.22.
- Publicación de anuncio na páxina web do concello, sección “Novas” con data 06.09.22 2022 ao que se sumou a creación dun espazo propio adicado á “Participación cidadá na elaboración normativa” con tres apartados en función das diferentes fases previstas no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, figurando en fase de audiencia e Participación cidadá o tecto da proposta e anuncio comprensivo do trámite e texto da proposta con indicación dos artigos e disposicións que expresamente se modifican, efectivo con data 14.09.22





## Concello de Mugardos

---

- Segundo o informe emitido pola empregada pública encargada do rexistro de data 13 de outubro de 2022, durante o periodo no que o expediente someteuse á fase de audiencia e participación cidadá, periodo comprendido entre o 6 de setembro ao 5 de outubro de 2022, non se presentou achega ningunha.

### Consideracións xurídicas.

#### 1. Aspectos xerais aplicables

O réxime actual aplicable á elaboración de normas regulamentarias polas entidades locais ven contemplado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, cuxos preceptos (artigos 128 a 123), deben ser insertados no proxedemento xeral descrito no artigo 49 e 69 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.

A elo debe unirse o establecido co carácter de normativa supletoria no Real decreto 931/2017, de 27 de outubro, polo que se regula a Memoria do análise de impacto normativo.

De tal xeito no presente informe verificarase en función da Fase de elaboración normativa substanciada:

- Presentación de posibles achegas ou suxerencias.
- Tramitación subseguinte a realizar.

#### 2. Presentación de posibles achegas ou suxerencias.

Non consta a presentación de posibles achegas ou suxerencias, debendo publicar certificado do resultado da fase de Participación e audiencia públicas no espazo da páxina web “Participación cidadá na elaboración normativa” e no Portal de Transparencia.

#### 3. Procedemento

Unha vez se leve a cabo, no seu caso, a aprobación provisional polo pleno por maioría simple, (art. 22.2º.e) 47.1º LBRL) deberán desenvolverse os seguintes trámites:

- a) Publicación dos acordos provisionais: BOP A Coruña, taboleiro de anuncios municipal e Portal de transparencia institucional.
- b) Exposición ao público durante 30 días hábiles
- c) Presentación de reclamacións polas persoas interesadas e resolución das mesmas, no seu caso e aprobación definitiva do seu texto. No caso contrario, o acordo ata entón provisional acadará o carácter de definitivo.

De presentarse alegacións que podan dar lugar a unha modificación substancial do seu texto, será necesario nova fase de información pública. As alegacións deberán ser postas en coñecemento apra o seu parecer á Mesa xeral de negociación antes da súa resolución, sen que poda afectar á postestade de autoorganización do concello.





## Concello de Mugardos

---

d) Publicación do texto íntegro no boletín oficial da provincia e trascurso do prazo de 15 días hábiles ao que se refire o artigo 65.2º LBRL.

e) A oposición ao contido do Regulamento finalmente aprobado poderá ser obxecto de recurso contencioso-administrativo.

### Conclusión:

- Deberán seguirse as regras procedimentais marcadas no presente informe e os acordos que así sexan adoptados polo Pleno seguirán o réxime de maioría simple (artigo 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local).  
Aprobado, no seu caso, de xeito inicial a modificación puntual do Regulamento, deberase publicar un anuncio no BOP e no Portal de Transparencia xunto co texto proxectado e os informes técnicos emitidos.
- Presentación de reclamacións polos interesados e resolución das mesmas, no seu caso e aprobación definitiva do seu texto. No caso contrario, o acordo ata entón provisional acadará o carácter de definitivo.
- Publicación do texto da boletín oficial da provincia e entrada en vigor ao día seguinte ao de dita publicación.
- Contra os acordos de aprobación definitiva tan so caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo.
- Unha vez aprobado hai que enviálo ao servizo de Inspección de centros e incluílo no Rexistro de Entidade Prestadoras de servizos sociais

Mugardos, á data que figura na sinatura dixital á marxe

A interventora

A secretaria,

Ana María Gómez Peña

Paula E. Ramos Díaz

### ANEXO I Normativa aplicable

#### Cadro de normativa aplicable

Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local

Lei 18/2021, do 27 de decembro de 2021, de medidas fiscais e administrativas

Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

#### Artigo 17 Elaboración, aprobación e publicidade das ordenanzas fiscais (TRLRFL)

1. Os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das





## Concello de MugarDOS

---

respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeranse no taboleiro de anuncios da Entidade durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

2. As entidades locais publicarán, en todo caso, os anuncios de exposición no boletín oficial da provincia, ou, no seu caso, no da comunidade autónoma uniprovincial. As deputacións provinciais, os órganos de goberno das entidades supramunicipais e os concellos depoboación superior a 10.000 habitantes deberán publicalos, ademais, nun diario dos de maior difusión da provincia, ou da comunidade autónoma uniprovincial.

3. Finalizado o período de exposición pública, as corporacións locais adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentaron e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional. No caso de que non se presentaron reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

4. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, sen que entren en vigor ata que se levou a cabo dita publicación.

5. As deputacións provinciais, consellos, cabidos insulares e, en todo caso, as demais entidades locais cando a súa poboación sexa superior a 20.000 habitantes, editarán o texto íntegro das ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente.

En todo caso, as entidades locais haberán de expedir copias das ordenanzas fiscais publicadas a quen as demande.

### Artigo 19. Recurso contencioso administrativo.

1. As ordenanzas fiscais das entidades locais a que se refire o artigo 17.3 desta lei rexerán durante o prazo, determinado ou indefinido, previsto nelas, sen que caiba contra elas outro recurso que o contencioso-administrativo que se poderá interpoñer, a partir da súa publicación no boletín oficial da provincia, ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdición.

### Artigo 133 Participación cidadá no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos (LPAC)

1. Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, substanciarase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

2. Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto da iniciativa, cando a norma afecte os dereitos e intereses lexítimos das persoas, o centro directivo competente publicará o texto no portal web correspondente, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén solicitarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

3. A consulta, audiencia e información públicas reguladas neste artigo deberán realizarse de forma tal





## Concello de Mugar dos

---

que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberán poñerse á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros, concisos e reunir toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

4. Poderá prescindirse dos trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos neste artigo no caso de normas orzamentarias ou organizativas da Administración Xeral do Estado, a Administración autonómica, a Administración local ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns graves de interese público que o xustifiquen.

Cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigacións relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro. Se a normativa reguladora do exercicio da iniciativa legislativa ou da potestade regulamentaria por unha Administración prevé a tramitación urxente destes procedementos, a eventual excepción do trámite por esta circunstancia axustarase ao previsto naquela.

### Artigo 129.1º Principios de boa regulación (LPAC)

1. No exercicio da iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria, as Administracións Públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia. Na exposición de motivos ou no preámbulo, segundo trátase, respectivamente, de anteproxectos de lei ou de proxectos de regulamento, quedará suficientemente xustificada a súa adecuación aos devanditos principios.

2. En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa debe estar xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

3. En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa que se propoña deberá conter a regulación imprescindible para atender a necesidade para cubrir coa norma, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos, ou que imponhan menos obrigacións aos destinatarios.

4. A fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exercerase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas.

Cando en materia de procedemento administrativo a iniciativa normativa estableza trámites adicionais ou distintos aos contemplados nesta Lei, estes deberán ser xustificados atendendo á singularidade da materia ou aos fins perseguidos pola proposta.

As habilitacións para o desenvolvemento regulamentario dunha lei serán conferidas, con carácter xeral, ao Goberno ou Consello de Goberno respectivo. A atribución directa aos titulares dos departamentos ministeriais ou das consellerías do Goberno, ou a outros órganos dependentes ou subordinados deles, terá carácter excepcional e deberá xustificarse na lei habilitante.

As leis poderán habilitar directamente a Autoridades Independentes ou outros organismos que teñan atribuída esta potestade para aprobar normas en desenvolvemento ou aplicación das mesmas, cando a natureza da materia así o esixa.

5. En aplicación do principio de transparencia, as Administracións Públicas posibilitarán o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e os documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; definirán claramente os obxectivos das iniciativas normativas e a súa xustificación no preámbulo ou exposición de motivos; e posibilitarán que os potenciais destinatarios teñan unha participación activa na elaboración das normas.

6. En aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

7. Cando a iniciativa normativa afecte os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberánse cuantificar e valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de





## Concello de Mugar dos

---

estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 29 18/2021, do 27 de decembro de 2021, de medidas fiscais e administrativas. Modificación de la Ley 13/2008, de 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia.

La Ley 13/2008, de 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia, queda modificada como sigue:

Uno. Se modifica el título de la disposición adicional novena, que queda redactado como sigue: «Actuaciones para conseguir la gratuidad de la atención educativa en las escuelas infantiles de 0-3 años».

Dos. Se añade un nuevo apartado 7 en la disposición adicional novena con la siguiente redacción:

«7. Con el fin de consolidar el objetivo de interés público, por razones de impulso demográfico y conciliación, de lograr la gratuidad de la atención educativa en las escuelas infantiles de 0-3 años, con efectos económicos a partir del comienzo del curso escolar 2022-2023, se extenderá el régimen establecido en esta disposición a la matriculación del primer hijo o hija de la unidad familiar, de acuerdo con la regulación en ella establecida para los distintos supuestos que contempla.»



Cod. Validación: 7Q4PCYD2DFC6ZALR7KQZ5QLY | Corrección: <https://mugar dos.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6